

O BRASIL:

Os galegos retornados que residiran no Brasil deben atender ao previsto no CDI asinado entre España e Brasil:

Instrumento de Ratificación do Convenio entre o Estado Español e a República Federativa do Brasil para evitar a dobre imposición e previr a evasión fiscal en materia de impostos sobre a renda, feito en Brasíla o 14 de novembro de 1974.

Resolución do 22 de setembro de 2003, da Secretaría Xeral Técnica, pola que se dispón á publicación das Cartas de 17 e 26 de febreiro de 2003, intercambiadas entre España e Brasil sobre interpretación, en base ao artigo 25, do Convenio para evitar a dobre imposición e previr a evasión fiscal en materia de impostos sobre a renda entre o Estado Español e a República Federativa do Brasil, feito en Brasíla o 14 de novembro de 1974, inserido no BOE Nº 314, do 31 de decembro de 1975.

De conformidade co establecido na norma convencional procede analizar as principais fontes de renda máis comunmente obtidas. Para iso partiremos da configuración do galego retornado como residente fiscal en España.

RENDAS INMOBILIARIAS:

Artigo 6. Rendas dos bens inmobles.

1. As rendas procedentes dos bens inmobles poden someterse a imposición no Estado Contratante en que tales bens están situados.
2. a) Sen prexuízo do disposto nas letras b) e c), a expresión «bens inmobles» definirase de acordo coa Lei do Estado Contratante en que os bens estean situados.
b) A expresión «bens inmobles» comprende, en todo caso, os accesorios da propiedade inmobiliaria, o gando e equipo utilizados nas explotacións agrícolas e forestais, os dereitos aos que se apliquen, as disposicións de dereito privado relativas á propiedade inmobiliaria, o usufruto de bens inmobles e os dereitos para percibir canons variables ou fixos pola explotación ou a concesión da explotación de xacementos minerais, fontes ou outras riquezas do chan.
c) Os buques, embarcacións e aeronaves non se consideran bens inmobles.
3. As disposicións do parágrafo 1 aplícanse ás rendas derivadas da utilización directa, do arrendamento ou de calquera outra forma de explotación de bens inmobles.
4. As disposicións dos parágrafos 1 e 3 aplícanse igualmente ás rendas derivadas dos bens inmobles dunha empresa e dos bens inmobles utilizados para o exercicio de servizos profesionais.

Polo tanto, o galego retornado que teña bens inmobles no Brasil deberá ter en conta que as rendas que procedan dese ben inmovible poden gravarse en España e no Brasil:

- Brasil poderá gravalas por canto o ben inmovible está no seu territorio.
- Pero tamén tributarán en España porque o galego retornado é residente en España, debendo tributar por renda mundial, o que supón que ten que incluír as rendas derivadas dese ben inmovible que está no Brasil.

Por outra banda, o precepto establece que se inclúen tanto as rendas derivadas da utilización directa de bens inmobles como as que procedan do arrendamento ou outra forma de explotación destes bens.

Agora ben, producida esta situación, en España o contribuínte poderá aplicar na súa declaración da renda a dedución para evitar a dobre imposición xurídica internacional.

DIVIDENDOS:

Neste caso encontrámonos cun contribuínte residente en España que percibe dividendos procedentes dunha sociedade que ten a súa residencia no Brasil.

Artigo 10 CDI:

1. Os dividendos pagos por, unha sociedade residente dun Estado Contratante a un residente do outro Estado Contratante poden someterse a imposición nestoutro Estado.

2. Con todo, estes dividendos poden someterse a imposición no Estado Contratante en que resida a sociedade que pague os dividendos e, de acordo coa lexislación deste Estado, pero o imposto así esixido non pode exceder do 15 por 100 do importe bruto dos dividendos.

Este parágrafo non afecta á imposición da sociedade polos beneficios con cargo aos que se paguen os dividendos.

3. As disposicións dos parágrafos 1 e 2 non se aplican se o beneficiario dos dividendos, residente dun Estado Contratante, ten noutro Estado Contratante do que é residente a sociedade que paga os dividendos un establecemento permanente co que a participación que xere os dividendos estea vinculada efectivamente. Neste caso aplícanse as disposicións do artigo 7.

4. O termo «dividendos» empregado no presente artigo comprende os rendementos das accións, das accións ou bonos de goce, partes de minas, partes de fundador ou outros dereitos que permitan participar dos beneficios, excepto os de crédito, así como as rendas doutras participacións sociais asimiladas aos rendementos das accións pola lexislación fiscal do Estado Contratante en que resida a sociedade que as distribúa.

5. Cando unha sociedade residente de España tivese un establecemento permanente en Brasil, este establecemento permanente poderá ser sometido neste Estado a un imposto retido na fonte e de acordo coa Lei fiscal brasileira. Con todo, o imposto non poderá exceder do 15 por 100 do importe bruto dos beneficios do establecemento permanente, unha vez deducido o imposto sobre a renda de sociedades relativo a devanditos beneficios.

Con todo, o imposto soamente será aplicable cando os beneficios sexan efectivamente transferidos ao exterior.

De acordo co previsto neste precepto, novamente estamos ante unha potestade compartida, de tal forma que tanto España coma Brasil poden gravar os dividendos.

Desta forma España someterá ao IRPF os dividendos percibidos por un galego retornado que procedan de sociedades brasileiras.

Ao mesmo tempo, se a sociedade que reparte os dividendos ten a súa residencia no Brasil, este país poderá someter eses dividendos tamén a tributación de acordo coa súa normativa interna. Agora ben, se quen percibe o dividendo é o beneficiario efectivo, o imposto esixido polo Brasil terá como límite máximo o 15 por 100 do importe bruto dos dividendos no caso de persoas físicas.

En todo caso, o CDI sinala que esta regra non sería aplicable se o beneficiario efectivo, por exemplo, o galego retornado, realiza no Brasil (lugar de residencia da sociedade que paga os dividendos) unha actividade económica a través dun establecemento permanente situado no Brasil e a participación que xera estes dividendos está vinculada a ese establecemento permanente. Nestes casos o gravame produciríase conforme as regras previstas no CDI para as actividades empresariais (art. 7 CDI).

Desde o punto de vista da eliminación da dobre imposición, o CDI prevé no art. 23.3 que *“cando un residente de España obteña dividendos que, de acordo coas disposicións do presente Convenio, poden someterse a imposición no Brasil, España eximirá do imposto estes dividendos; pero para calcular o imposto correspondente ás demais rendas deste residente, pode aplicar o mesmo tipo impositivo que correspondería se os dividendos citados non fosen eximidos”*; é dicir, contéplase un suposto de exención con progresividade.

XUROS:

Artigo 11 CDI

1. Os xuros procedentes dun Estado Contratante pagados a un residente doutro Estado Contratante poden someterse a imposición nestoutro Estado.
2. Con todo, estes xuros poden someterse a imposición no Estado Contratante do que proceden, e de acordo coa lexislación deste Estado, pero o imposto así esixido non pode exceder do 15 por 100 do importe bruto dos xuros.
3. O imposto sobre os xuros pagos a institucións financeiras dun Estado Contratante por razón de préstamos e créditos concedidos por un prazo mínimo de dez anos e con obxecto de financiar a adquisición, de bens de equipo e ferramentas, non poderá exceder noutro Estado Contratante do 10 por 100 do importe bruto dos xuros.
4. Non obstante as disposicións dos parágrafos 1 e 2:
 - a) os xuros procedentes dun Estado Contratante e pagos ao Goberno doutro Estado Contratante, ou unha das súas subdivisións políticas ou calquera axencia (inclusive unha institución financeira) de propiedade total dese Goberno ou dunha das súas subdivisións políticas están exentos do imposto no primeiro Estado Contratante;
 - b) os xuros da Débeda Pública, dos bonos ou obrigas emitidos polo Goberno dun Estado Contratante ou calquera axencia (inclusive unha institución financeira) de propiedade, dese Goberno soamente poden someterse a imposición nese Estado.
5. O termo «xuros» empregado neste artigo, comprende os rendementos da Débeda Pública, dos bonos ou obrigacións, con ou sen garantía hipotecaria e con dereito ou non a participar en beneficios, e dos créditos de calquera clase, así como calquera outra renda que a lexislación fiscal do Estado de onde procedan os xuros asimile aos rendementos das cantidades dadas a préstamo.
6. As disposicións dos parágrafos 1 e 2 non se aplican se o beneficiario dos xuros, residente dun Estado Contratante, ten noutro Estado Contratante do que proceden os xuros, un establecemento permanente co que o crédito que xera os xuros estea vinculado efectivamente. Neste caso, aplícanse as disposicións do artigo 7.
7. A limitación establecida no parágrafo 2 non se aplica aos xuros procedentes dun Estado Contratante e pagos a un establecemento permanente dunha empresa doutro Estado Contratante situada nun terceiro Estado.
8. Os xuros considéranse procedentes dun Estado Contratante cando o debedor é o propio Estado, unha das súas subdivisións políticas, unha entidade, local ou un residente dese Estado. Con todo, cando o debedor dos xuros, sexa ou non residente dun Estado Contratante, teña nun Estado Contratante un establecemento permanente en relación co cal se contraeu a débeda que dá orixe aos xuros e este establecemento soporte o pago dos mesmos, os xuros consideraranse procedentes do

Estado Contratante onde estea o establecemento permanente.

9. Cando, debido a relacións especiais existentes entre o debedor e o beneficiario dos xuros ou entre ambos e calquera outra persoa, o importe dos xuros pagos, tendo en conta do crédito polo que se paguen, exceda do importe que sería acordado polo debedor e o beneficiario en ausencia de tales relacións, as disposicións deste artigo non se aplicarán máis que a este último importe. Neste caso, o exceso poderá someterse a imposición de acordo coa lexislación de cada Estado Contratante, tendo en conta as demais disposicións deste Convenio.

No suposto de xuros procedentes do Brasil percibidos por un residente en España (neste caso o galego retornado) o Convenio prevé:

- Como regra xeral unha tributación compartida, o que supón a posibilidade de que estes xuros se graven tanto en España coma no Brasil conforme ás súas lexislacións internas. Se quen percibe os xuros é o beneficiario efectivo, Brasil poderá someter eses xuros a un gravame máximo do 15 por 100. En caso de ser gravados en ambos os Estados, a España como Estado de residencia correspóndelle outorgar a dedución para evitar a dobre imposición internacional.
- Agora ben, no caso do CDI entre España e O Brasil prevese así mesmo a tributación só no Brasil dos xuros da Débeda Pública, dos bonos ou obrigas emitidas polo Goberno brasileiro ou calquera axencia (inclusive unha, institución financeira) de propiedade dese Goberno.

Por outra banda, se o galego retornado (que sexa beneficiario efectivo) tivese no Brasil un establecemento permanente e os xuros proceden dun crédito vinculado ao devandito establecemento permanente, entón non se aplicaría a limitación do 15 por 100 de imposición no Brasil.

Finalmente, o precepto contén unha previsión para aqueles supostos de vinculación entre o debedor e o beneficiario efectivo, nos cales se pactaron xuros por encima de valor que correspondese entre partes independentes. Nestes casos, as disposicións do art. 11 do CDI aplicaranse só aos xuros na contía que correspondese entre partes independentes.

GANANCIAS PATRIMONIAIS:

Artigo 13 CDI

1. As ganancias derivadas do alleamento de bens inmoables, conforme se definen no parágrafo 2 do artigo 6, poden someterse a imposición no Estado Contratante en que estean sitios.
2. As ganancias derivadas do alleamento de bens móbiles que formen parte do activo dun establecemento permanente que unha empresa dun Estado contratante teña noutro Estado contratante, ou de bens móbiles que pertencen a unha base fixa que un residente dun Estado contratante posúa noutro Estado contratante para a prestación de servizos profesionais, comprendidas as ganancias derivadas do alleamento do establecemento permanente (só ou co conxunto da empresa) ou da base fixa, poden someterse a imposición nestoutro Estado. Con todo, as ganancias derivadas do alleamento de buques ou aeronaves utilizados en tráfico internacional e de bens móbiles afectos á explotación de tales buques ou aeronaves soamente poden someterse a imposición no Estado contratante en que se atope a sede de dirección efectiva da empresa.

3. As ganancias derivadas do alleamento de calquera outro ben ou dereito distinto dos mencionados nos parágrafos 1 e 2, poden someterse á imposición nos dous Estados Contratantes.

O CDI entre España e O Brasil diferencia dentro do precepto dedicado ás ganancias patrimoniais en función a fonte da que procede a mencionada ganancia. Así, por exemplo, prevense os seguintes supostos de tributación compartida:

Ganancias patrimoniais derivadas de bens inmobles (art. 13.1 CDI): prevese unha tributación compartida, de forma tal que O Brasil tamén podería someter a imposición a ganancia patrimonial derivada do alleamento dun ben inmovible radicado no seu territorio. Nese caso, o contribuínte residente en España poderá aplicar en España a dedución para evitar a dobre imposición xurídica internacional.

Polo tanto, os galegos retornados que no ano de traslado (se xa resultan residentes fiscais en España) ou nos anos seguintes alleen un ben inmovible radicado no Brasil deberán incluír na súa declaración do IRPF as ganancias patrimoniais que se deriven da venda dese ben inmovible, sen prexuízo de que, se estas ganancias tamén tributaron no Brasil, poida aplicarse a dedución por dobre imposición xurídica internacional.

Ganancias derivadas do alleamento de bens mobles que reúnan unha das seguintes características (art. 13.2 CDI):

- que formen parte do activo dun establecemento permanente que unha empresa española teña no Brasil,
- de bens mobles que pertencen a unha base fixa que un residente español posúa no Brasil para a prestación de servizos persoais independentes.

O CDI prevé que estas ganancias tamén se poden someter a imposición no Brasil; é dicir, unha tributación compartida. Neste caso, o contribuínte poderá aplicar a dedución para evitar a dobre imposición xurídica internacional.

Quedan comprendidas tamén neste apartado as ganancias derivadas do alleamento do establecemento permanente (só ou co conxunto da empresa) ou da base fixa.

Así, poderíamos atopar un galego retornado que segue prestando servizos profesionais no Brasil (por exemplo, médico, avogado, consultor, etc). Nese caso, haberá que determinar se ten no Brasil unha base fixa ou lugar de negocios. Se é así, a venda de bens mobles desa base fixa dará lugar a unha ganancia patrimonial que deberá incluír na súa declaración do IRPF en España, podendo practicarse a dedución por dobre imposición internacional se se gravou tamén no Brasil.

Ganancias derivadas do alleamento de bens distintos (art. 13.3 CDI): no caso de ganancias non incluídas en ningún dos apartados anteriores do precepto, estas poden someterse á imposición tanto no Brasil coma en España.

RETRIBUCIÓNS COMO MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE SOCIEDADES RESIDENTES NO BRASIL:

Artigo 16 CDI:

1. As participacións, dietas de asistencia e retribucións similares que un residente dun Estado Contratante obtén como membro dun Consello de Administración ou de vixilancia ou doutro órgano similar dunha sociedade residente doutro Estado Contratante poden someterse a imposición nestoutro Estado.

Este tipo de rendas están sometidas a tributación compartida, polo que tanto España coma O Brasil poden sometelas a gravame.

O Convenio aclara que este tipo de retribucións teñen que ser pagadas pola sociedade en concepto de membros do consello de administración ou de vixilancia ou doutro órgano similar dunha sociedade. As retribucións inclúen as participacións, dietas de asistencia ou retribucións similares.

No caso de que se someteran a gravame no Brasil, o contribuínte pode practicar a dedución por dobre imposición internacional.

En consecuencia, os galegos retornados que sexan membros dun Consello de Administración dunha empresa residente no Brasil, deberán incluír na súa declaración do IRPF as rendas que perciban en concepto de retribucións pola realización das actividades do consello de administración. Se estas rendas tamén se someteron a gravame no Brasil, poderá practicarse a dedución por dobre imposición internacional.

PROFESIÓN INDEPENDENTES:

Artigo 14 CDI.

1. As rendas obtidas por un residente dun Estado Contratante pola prestación de servizos profesionais ou doutras actividades independentes de carácter análogo só poden someterse a imposición neste Estado, a non ser que tales servizos e actividades sexan pagados por un establecemento permanente que estea sito no outro Estado Contratante ou por unha sociedade residente destoutro Estado. Neste caso, estas rendas poden someterse a imposición no outro Estado.

2. A expresión «servizos profesionais» comprende, especialmente, as actividades independentes de carácter técnico, científico, literario, artístico, de educación ou ensino, así como as actividades independentes dos médicos, avogados, enxeñeiros, arquitectos, odontólogos e contadores.

A regra xeral que establece o CDI en concreto é a tributación no Estado de residencia do prestador do servizo, salvo que estes servizos sexan pagados por:

- unha sociedade residente no outro Estado
- un establecemento permanente situado no outro Estado.

Nestes casos o CDI prevé unha tributación compartida de forma tal que tanto O Brasil coma España poderían gravar esas rendas.

Así, un galego retornado que desenvolvese unha actividade profesional e obtivese no Brasil algunha renda derivada do exercicio da súa profesión, esta renda podería someterse a gravame tamén no Brasil se o pagador deses servizos é unha sociedade residente no Brasil ou un establecemento permanente no Brasil.

De producirse a imposición en ambos Estados, correspondería a España, como país de residencia, outorgar a dedución para evitar a dobre imposición internacional.

PROFESIÓNS DEPENDENTES:

Art 15 CDI:

1. Sen prexuízo das disposicións dos artigos 16, 18, 19, 20 e 21, os soldos, salarios e remuneracións similares obtidos por un residente dun Estado Contratante por razón dun emprego só poden someterse a imposición neste Estado, a non ser que o emprego se exerza no outro Estado Contratante. Se o emprego se exerce neste último Estado, as remuneracións derivadas do mesmo poden someterse a imposición neste Estado.
2. Non obstante as disposicións do parágrafo 1, as remuneracións obtidas por un residente dun Estado Contratante por razón dun emprego exercido no outro Estado Contratante só poden someterse a imposición no primeiro Estado se:
 - a) o beneficiario permanece no outro Estado durante un ou varios períodos que non excedan en total cento oitenta e tres días no curso do ano natural considerado; e
 - b) as remuneracións páganse por, ou en nome de, unha persoa que non é residente do outro Estado; e
 - c) as remuneracións non se pagan con cargo a un establecemento permanente ou unha base fixa que a persoa para quen se traballa ten no outro Estado.
3. Non obstante as disposicións precedentes deste artigo, as remuneracións obtidas por razón dun emprego exercido a bordo dun buque ou aeronave en tráfico internacional poden someterse a imposición no Estado Contratante onde se atope a sede de dirección efectiva da empresa.

No caso do CDI España e O Brasil, a regra xeral con relación aos soldos e salarios percibidos por unha persoa física pódense sintetizar nas seguintes:

Regra xeral:	Os soldos e salarios tributan no Estado de residencia do traballador	
Regras especiais:	I. Se o traballo se desenvolve noutro Estado distinto ao Estado de residencia	Estoutro Estado tamén pode someter a tributación esas rendas. No caso de que ambos Estados graven a renda, corresponde ao Estado de residencia conceder a dedución para evitar a dobre imposición internacional.
	II. Se, a pesar de desenvolverse o traballo nun Estado distinto ao de residencia, se cumpren as seguintes condicións: a) o traballador non permanece en total no outro Estado, nun ou varios períodos, máis de cento oitenta e tres	As rendas someteranse a gravame no Estado de residencia.

	<p>días no ano natural</p> <p>b) o empregador pagador non é residente do outro Estado, e</p> <p>c) o empregador non ten un establecemento permanente ou unha base fixa no outro Estado que soporte as remuneracións.</p>	
--	--	--

Polo tanto, aqueles galegos retornados que poidan seguir traballando para unha empresa residente no Brasil, tributarán en España polos soldos ou salarios que perciban, debendo incluír ditas rendas na declaración do IRPF español.

Se ditas rendas se gravaron tamén no Brasil porque o traballo se desenvolveu alí (regra especial, suposto I da táboa), poderán practicar en España a dedución por dobre imposición internacional.

PENSIÓNS E ANUALIDADES:

Art. 18 CDI.

1. Sen prexuízo das disposicións do artigo 19, as pensións e outras remuneracións similares que non excedan dun importe equivalente a US\$ 3.000 no ano natural, pagadas a un residente dun Estado Contratante, poderán someterse a imposición soamente neste Estado. A parte que exceda daquel límite pode someterse a imposición en ambos os Estados Contratantes.

2. As anualidades só poderán someterse a imposición no Estado Contratante de residencia do perceptor.

3. No presente artigo:

a) a expresión «pensións e outras remuneracións similares» significa pagos periódicos efectuados despois da xubilación e como consecuencia dun emprego anterior, ou a título de compensación por danos sufridos como consecuencia do devandito emprego;

b) o termo «anualidade» significa unha suma determinada, pagada periodicamente, ben sexa con carácter vitalicio, ben sexa por períodos de tempo determinados ou determinables, e en virtude dunha obriga de satisfacer a anualidade como contrapartida dunha prestación equivalente en diñeiro ou susceptible de valorarse en diñeiro.

Artigo 19 CDI.

2. As pensións pagadas por un Estado Contratante, unha das súas subdivisións políticas ou Entidades locais, directamente ou con cargo a fondos constituídos por aqueles, a unha persoa física en consideración a servizos prestados a ese Estado, subdivisión política ou Entidade local, só poden someterse a imposición nese Estado.

Con todo, estas pensións só poden someterse a imposición no Estado Contratante do cal o beneficiario é residente se devandito beneficiario é nacional deste Estado.

3. As disposicións dos artigos 15, 16 e 18 aplícanse ás remuneracións ou pensións pagadas en consideración a servizos prestados no desempeño dunha actividade comercial ou industrial exercida por un Estado Contratante, unha das súas subdivisións políticas ou Entidades locais.

4. As pensións pagadas con cargo a fondos da Seguridade Social dun Estado Contratante a un residente do outro Estado Contratante só poden someterse a imposición neste último Estado.

Á hora de abordar a repartición da potestade tributaria entre Estados a respecto das pensións debemos diferenciar entre pensións privadas e pensións públicas:

Pensións privadas: O Convenio inclúe dentro deste concepto as remuneracións pagadas por razón dun emprego anterior noutro Estado. Neste caso, o emprego exercido sería de carácter privado.

Se estamos ante unha pensión privada ou situacións asimiladas, o Convenio prevé a tributación desa renda exclusivamente no Estado de residencia do perceptor da mesma só ata determinada contía, establecendo por encima dela unha tributación compartida:

Pensión privada	Ata USD 3.000 ao ano	Tributación exclusiva en Estado de residencia do perceptor
	Parte que exceda de USD 3.000	Tributación compartida O Brasil/España

Polo tanto, por exemplo, o galego retornado que perciba unha pensión privada deberá tributar en España, incluíndo esta renda na declaración do IRPF que realice en España. Agora ben, se a pensión supera os USD 3.000 anuais haberá que ter en conta que o exceso podería ser sometido a gravame tamén no Brasil.

O precepto recolle tamén a regra xeral para as anualidades:

Anualidades	só poden someterse a imposición no Estado de residencia do perceptor.
-------------	---

Ditas previsións complétanse có establecido no art. 19.4 CDI, de acordo co cal:

Pensións pagadas con cargo a fondos da Seguridade Social dun Estado Contratante a un residente do outro Estado Contratante	Só poden someterse a imposición no Estado de residencia do perceptor.
--	---

De acordo co previsto no CDI as pensións pagas con cargo a fondos da Seguridade Social do Brasil a un galego retornado só tributarían en España ao ser residente en España.

Pensións públicas: quedan incluídas as pensións que se perciban por razón dun emprego público anterior, tanto se se prestou o servizo ao Estado como a algunha das súas subdivisións políticas ou a un ente local. Polo tanto, o beneficiario dunha pensión pública

por razón dun emprego público anterior no Brasil poderá atoparse nalgunha das seguintes situacións a efectos de determinar quen ten a potestade para gravar esas rendas:

Regra xeral:		As pensións públicas pagadas polo Brasil sométense a tributación só no Brasil.
Regra especial:	beneficiario da pensión pública: <ul style="list-style-type: none"> • é residente en España e • ten a nacionalidade española 	A pensión pública só tributará en España.

Por tanto, no caso de galegos retornados atoparémonos posiblemente ante a regra especial pois serán residentes en Galicia e con nacionalidade española, polo que as pensións públicas que perciban someteranse a tributación só en España.

No caso de parellas que estiveron fóra e regresan a Galicia e nas que un só dos membros é galego retornado podemos atoparnos coas seguintes situacións:

No suposto dun matrimonio ou parella no que só un deles sexa galego retornado e agora ambos residen en Galicia e perciben ambos unha pensión pública do Brasil atopariámonos con:

- A persoa que é galego retornado: ten nacionalidade española e residencia fiscal en España: a súa pensión só tributará en España.
- O outro membro da parella: é residente en España, pero se non ten a nacionalidade española: a súa pensión tributará no Brasil.

No suposto dun matrimonio ou parella no que só un deles sexa galego retornado e agora ambos residen en Galicia e mentres o galego retornado percibe unha pensión pública do Brasil, o outro membro da parella percibe unha pensión privada:

- A persoa que é galego retornado: ten nacionalidade española e residencia fiscal en España: a súa pensión pública só tributará en España.
- O outro membro da parella: é residente en España, a súa pensión privada tributará só en España se:
 - A cantidade percibida anualmente non supera os USD 3.000 ou
 - É unha pensión paga con cargo a fondos da Seguridade Social do Brasil.

No suposto dun matrimonio ou parella no que só un deles sexa galego retornado e agora ambos residen en Galicia e mentres o galego retornado percibe unha pensión privada do Brasil, o outro membro da parella percibe unha pensión pública do Brasil:

- A persoa que é galego retornado: é residente en España, a súa pensión privada tributará só en España se:

- A cantidade percibida anualmente non supera os USD 3.000 ou
- É unha pensión paga con cargo a fondos da Seguridade Social de Brasil.
- O outro membro da parella: é residente en España, pero se non ten a nacionalidade española: a súa pensión pública tributará no Brasil.

REMUNERACIÓNS PÚBLICAS:

Artigo 19 CDI.

1. As remuneracións, excluídas as pensións, pagadas por un Estado Contratante, unha das súas subdivisións políticas ou entidades locais, a unha persoa física, en consideración a servizos prestados a este Estado, subdivisión política ou entidade local, só poden someterse a imposición neste Estado. Con todo, tales remuneracións só poden someterse a imposición no outro Estado Contratante se os servizos se prestan neste Estado e se o beneficiario da remuneración é un residente do mesmo que:

- a) sexa nacional do devandito Estado, ou
- b) non adquirise a calidade de residente do devandito Estado coa soa finalidade de prestar aqueles, servizos.

No apartado 1 do art. 19 do CDI recóllense aquelas remuneracións públicas distintas das pensións.

A regra xeral en caso de remuneracións públicas pagas polo Brasil a unha persoa física polos servizos prestados a ese Estado, só se someten a gravame no Brasil. Con todo, prevese unha excepción, que supón que só se gravarán esas rendas no Estado de residencia do perceptor destas (España) cando concorran os seguintes requisitos:

- Que o servizo se preste en España
- Que o perceptor sexa residente en España
- Que o perceptor sexa nacional de España
- Que o perceptor non adquirira a residencia en España para prestar os servizos

OUTRAS RENDAS:

Ademais, o CDI contén regras específicas de atribución de potestade tributaria para outras rendas como as de artistas, profesores ou estudantes.

Finalmente, o Convenio acaba cun artigo que funciona como cláusula de peche para aquelas rendas que non teñan encaixe nalgún dos preceptos específicos do CDI e que establece como regra xeral a tributación en ambos os Estados, O Brasil e España.

Así, o artigo 22 do CDI refírese a outras rendas e establece o seguinte:

Artigo 22 CDI.

As rendas dun residente dun Estado Contratante non mencionadas expresamente nos artigos anteriores poden someterse a imposición nos dous Estados Contratantes.

MÉTODOS PARA EVITAR A DOBRE IMPOSICIÓN

Artigo 23. Métodos para evitar a dobre imposición.

1. *Cando un residente dun Estado Contratante obteña rendas que, de acordo coas disposicións do presente Convenio, poden someterse a imposición no outro Estado Contratante, o primeiro Estado, salva o disposto nos parágrafos 2, 3 e 4, deducirá do imposto que perciba sobre as rendas deste residente un importe igual ao imposto sobre a renda pagado no outro Estado Contratante.*

Con todo, a cantidade deducida non pode exceder da parte do imposto sobre a renda, calculado antes da dedución, correspondente ás rendas que poden someterse a imposición no outro Estado Contratante.

As disposicións deste parágrafo aplícanse en España, tanto aos impostos xerais como aos impostos a conta.

2. *Para a dedución mencionada no parágrafo 1, o imposto sobre os xuros e canons considerarase sempre que foi pagado coas alícuotas do 20 e 25 por 100, respectivamente.*

3. *Cando un residente de España obteña dividendos que, de acordo coas disposicións do presente Convenio, poden someterse a imposición no Brasil, España eximirá do imposto estes dividendos; pero para calcular o imposto correspondente ás demais rendas deste residente, pode aplicar o mesmo tipo impositivo que correspondería se os dividendos citados non fosen eximidos.*